

CINCO LOBITOS

Alauda Ruiz de Azúa, 2022

934

ESTREA EN NUMAX: 20.05.2022 | V.O. | +12 | 104 min

Amaia (Laia Costa) acaba de ser nai e decátase de que non sabe moi ben como selo. Ao ausentarse a súa parella por traballo unhas semanas, decide volver á casa dos seus pais, nunha fermosa vila costeira do País Vasco e así compartir a responsabilidade de coidar ao seu bebé. O que non sabe Amaia é que, aínda que agora sexa nai, non deixará de ser filla.

Filme especialmente recomendado para o fomento da Igualdade de Xénero.



«Chea de vida, unha maxistral
opera prima sobre as relacións
familiares»

Luís Martínez, EL MUNDO



Fillas de ida e volta

Neste filme, hai unha historia de partida: unha trintañeira con problemas de conciliación e unha relación tensa coa súa nai. Un retrato actual baseado na miña propia experiencia e na de varias amigas. A medida que construía a historia, outros temas e capas aparecían de xeito natural e emocionante.

Como se aprende a ser nai? Como muda a nosa propia maternidade a forma en que vemos a nosos pais? Quixen que *Cinco lobitos* combine o retrato xeracional sobre nais actuais co desas outras nais, agora avoas, que ficaron na casa, coidaron da familia e sen as cales non se entende a sociedade actual. Levei a Amaia, a miña protagonista, a vivir a vida da súa nai á súa idade. Ás veces, non podemos entender o outro até que pasamos polo mesmo. Dáse o paradoxo de que ela chega a entendela como nai pero segue a precisala como filla.

Por que dignificamos tan pouco o doméstico nin nos paramos a pensar no esforzo e o tempo que hai detrás das persoas que nos coidan? Como imos dignificar algo que non valoramos? O mundo doméstico está presente en todo o filme de xeito recorrente. O tempo do coidado non é épico, nin notorio, é case ruído de fondo e, porén, é imprescindible coidar dos nosos seres queridos e vulnerables. Quixen falar dos coidados desde o emocional. Quen coida a quen nas familias é algo que nos di moito sobre as súas relacións e o momento que vive unha familia. Coidar a nai, cando sempre foi ela quen coidou de ti, é unha viaxe á inversa, que ten algo de reconciliación e de encontrarse desde outro sitio.

E, porén, por moi adultos que nos sintamos, unha pode volver sentir que ten doce anos á velocidade do lóstrego cando súa nai lle reñe por unha parvada, mesmo aínda que ande polos corenta. Coidamos a nosos pais, mesmo nos convertemos nos seus pais durante a vellez e, malia todo, sempre vai haber intres onde unha mirada súa nos transporte ao adolescente inseguro que fomos ou faga que precisemos a súa aperta familia, cálida e irracional. Somos fillas de ida e volta.

A familia é das poucas cousas que non podemos mudar. Podes mudar de cidade, de parella, de traballo... Pero non de pais. Nin de fillos. A familia condiciónanos, explícanos, abrázanos, toléanos... até límites insospeitados. A mudanza de roles nesta familia aparentemente convencional levoume a entender a familia como un espello honesto e implacable.

Interésanme as historias con conflitos abertos e as rodaxes onde eses conflitos poden medrar. Tento propiciar que o guión sexa a guía, o convite a xogar e non un corsé. Evidentemente, construí unha ficción pero iso non significa que o que sucede intimamente, entre os actores, non poida ser real. Rodamos con bebés reis precisamente para manter esa tensión nas escenas. Apostei por escenarios reducidos, cotiás, que propician os xogos de rimas no filme. Coido que unha das cousas máis fermosas do cinema é que é a única arte que che permite capturar algo que sucede nun plano emocional a tempo real. Permíteche asistir á intimidade de dúas persoas como se foses invisible e gozar momentos que a miúdo nos son negados na vida como espectadores. Conversas pendentes, mostras de afecto inesperadas ou reconciliacións silandeiras. E iso busquei: crear unha vida cotiá, sinxela, para pouco a pouco, como quen entra nunha piscina de auga fría, mergullarme nas súas profundidades, na súa intimidade.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

La bajamar,
Aroa Moreno,
Random House, 2022

El nudo materno,
Jane Lazarre,
las afueras, 2018

Apegos feroces,
Vivian Gornick,
Sexto Piso, 2017